

# PACO PAPÁN

Paco non fai nada de proveito,  
el só asubía e asubía.  
Súa nai mándao buscar traballo  
e que traia a paga cada día.

Paco Papán, Paco Papán,  
Paco Papán, Paco Papán, Paco Papán,

O luns comezou na xastraría,  
coseu, coseu, coseu  
e a agullíña rompeu.

Paco Papán...

O martes foi á casa duns labregos,  
regou, regou, regou  
e o eido enchoupou.

Paco Papán...

O mércores quedou co taberneiro,  
fregou, fregou, fregou  
e os vasos escachou.

Paco Papán...

O xoves decidiu probar na granxa,  
cepillou, cepillou, cepillou  
e o cabalo adelgazou.

Paco Papán...

O venres foi pola carpintaría,  
serrou, serrou, serrou  
e a mesa esnaquizou.

Paco Papán...

O sábado tocou panadaría,  
amasou, amasou, amasou  
e a artesa rebordou.

Paco Papán...

Domingo só o enterrador traballa,  
cavou, cavou, cavou  
e a pá escachizou.

Paco Papán...

Do libro-CD "Contos en cantos"  
Almudena Janeiro. Ed. OQO

